

**Informe sobre réxime aplicable a un plan de sectorización aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia**

## ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 22.05.2024 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm. 024/1667552) oficio do alcalde da Laracha no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

*"Na Laracha rexe o Plan xeral de ordenación municipal da Laracha (PXOM), que foi aprobado de acordo ao previsto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o 30 de xuño de 2003 (BOP N° 157, de 10 de xullo de 2.003).*

*O Pleno do Concello da Laracha, en sesión extraordinaria de data 17 de abril de 2015, adoptou, entre outros aprobar definitivamente o Plan de sectorización Cerámicas Campo (DOG Núm. 124 Venres, 3 de xullo de 2015) en terreos cualificado polo PXOM como solo urbanizable non delimitado.*

*Toda vez que se pode considerar o PXOM como planeamento non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, mentres que o Plan de sectorización Cerámicas Campo se trataría de planeamento adaptado á dita lei, considérase oportuno consultar sobre se o réxime aplicable ao ámbito previsto no plan de sectorización é o do apartado 1 ou o do apartado 2 da disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo no primeiro suposto procedera a xestión urbanística e urbanización dos terreos ata acadar a consideración de solo urbano".*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello da Laracha conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente o 30.06.2003, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 134, do 11.07.2003 e a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 157, do 10.07.2003.

A consulta municipal refírese ao Plan de sectorización Cerámicas Campo, que foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello da Laracha o 17.04.2015 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 124, do 03.07.2015 e no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 104, do 04.05.2015.

**TERCEIRA.-** A determinación do réxime aplicable ao Plan de sectorización Cerámicas Campo exige acudir ás disposicións transitorias da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), as cales prevén, tal e como proclama a Exposición de motivos desta lei, as cuestións que poidan derivar da súa entrada en vigor, para obter o menor impacto posible como consecuencia das innovacións da lei e garantindo a seguridade xurídica.

Nomeadamente, a disposición transitoria primeira da LSG, relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, ten o seguinte teor literal:

*"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

*a) Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

*b) Ao solo urbanizable delimitado e non delimitado, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

*[...]*

*c) Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

*d) Ao solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.*

*2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

*a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.*

*Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.*

*b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.*

*Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.*

*c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

*d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".*

Pola súa banda, a disposición transitoria primeira do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG) matiza, no seu apartado 1, que *"Para os efectos da indicada disposición transitoria primeira, entenderase por planeamento adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o aprobado definitivamente de conformidade con ela e, en todo caso, o planeamento que ao abeiro da disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, por ter acadado a súa aprobación provisional no momento da súa entrada en vigor, continuou a súa tramitación ao abeiro da Lei 9/2002, sen adaptar as súas determinacións a ela [...]"*.



**CUARTA.-** Exposto o marco normativo de aplicación, cómpre dar resposta á consulta municipal, referida ao réxime aplicable a un plan de sectorización aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A disposición transitoria primeira da LSG transcrita na consideración precedente prevé o réxime que resulta de aplicación ao planeamento aprobado definitivamente antes da súa entrada en vigor e diferencia, para estes efectos, que o dito planeamento estea ou non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Cómpre advertir que esta disposición transitoria fala, en termos xerais, de "planeamento" sen referirse a ningunha figura concreta, polo que, partindo dos criterios de interpretación das leis consagrados no artigo 3.1 do Código civil, entre os que figura a interpretación literal, se extrae que onde a lei non distingue non pode establecerse ningunha diferenciación e que, en consecuencia, a referencia ao planeamento debe entenderse efectuada tanto ao planeamento xeral como ao de desenvolvemento.

Tales afirmacións permiten concluír sen ningunha dúbida que o Plan de sectorización Cerámicas Campo, na medida en que foi aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da vixente lei do solo e está adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, conserva a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a aquela consonte as regras enunciadas na disposición transitoria primeira apartado 1 da LSG.

En similares termos pronunciouse este órgano consultivo no informe emitido o 25.10.2022 en resposta a unha consulta formulada polo Concello de Vilalba (expediente XCP-22/025), dispoñible na seguinte ligazón: <https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccion-estudios/relacion-informes-publicados> e a cuxas consideracións nos remitimos.

## CONCLUSIÓN

O Plan de sectorización Cerámicas Campo foi aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e está adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, polo que conserva a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á vixente lei do solo, consonte ás regras enunciadas na disposición transitoria primeira apartado 1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

